

ELPROGRESO

Martín Nebras: "Antes inventábanse cancións para traballar sen dor"



Federico Martín Nebras. VICTORIA RODRÍGUEZ

SILVIA IGLESIA

31 DE OCTUBRE DE 2021 (18:09 H.)

O escritor e experto en tradición oral falou nunha conferencia en Lugo, organizada pola AELG, sobre a importancia que a música e os contos teñen na infancia e na mocidade

O escritor, contacontos e especialista en literatura infantil e xuvenil **Federico Martín regresou este sábado a Lugo** para expor os seus coñecementos sobre a tradición oral nas primeiras etapas da vida e trasladou a importancia que esta ten na infancia e os primeiros anos da mocidade para escorrentar medos.

Na conferencia que ofreceu na xornada de literatura de tradición oral Ou medo é libre, organizada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) no salón de actos da Deputación de Lugo, **Martín Nebras debullou o papel das nanas** e os contos desde o embarazo ata a puberdade. "As nais e os pais, pero sobre todo as proxenitoras, protéxense dos medos botando man da linguaxe", di o escritor, á vez que engade que "unha muller non pare un neno, senón un infante que non fala, non ve, non escoita".

Con todo, engade, "as mans son o máis perfecto do corpo, o sentido máis extenso, con elas escíbese, tócase...". En relación a iso, Martín Nebras expón que, de feito, os pequenos

comezan a recibir os seus primeiros estímulos a través das nanas que lles cantan as súas nais mentres "tocan as orellas, o nariz, a boca, o corpo do neno".

Logo, continúa, "empézanselle a contar contos breves cando se van a durmir cuxo relato vai acompañado de calquera obxecto que teña á beira: un peluche, un osito, onde as nosas mans volven ser únicas", o que deixa paso ás narracións de érase "unha". Xa que logo, sostén Martín Nebras, o corpo fai de mapa sobre o que expor a tradición oral que se recibe da man dos proxenitores.

"As nanas son cancións de mortos, polas súas letras, a súa melodía e a similitude entre pechar os ollos ao durmir co momento do falecemento"

Así mesmo, na conferencia que pronunciou este sábado en Lugo, denominada Días de contar e cantar: poemas para escorrentar o medo, o autor tamén falou das técnicas para aprender poemas nas que o corpo tamén é instrumento principal para conseguir memorizar versos.

Como parte da tradición oral, Federico Martín Nebras tamén tivo ocasión de falar da música e considerou que antes se cantaba, e inventábanse cancións, para facer máis livián o traballo, para traballar sen dor", para logo engadir que "as nanas son cancións de mortos, polas súas letras, a súa melodía e a similitude entre pechar os ollos ao durmir co momento do falecemento", tal e como defendeu o experto.

Martín Nebras participou, tras a súa intervención, na mesa redonda *Onde habitan os monstros, mais... habita a palabra?*, con Ana Carreira -titulada en Arte Dramático- e coordinada por Lois Pérez.

Xa pola tarde foi a quenda de Lidia Mariño, que falou dos relatos míticos achega do arcoíris; o escritor e divulgador de mitoloxía popular, Antonio Reigosa; e o mestre de oboe, Benxamín Otero, quen ofreceu unha sesión práctica de medos, música, maxia e beleza.